



CONSIDERANCIÓNS ACERCA DO ENSINO VIRTUAL NOS CASOS DE CONFINAMENTO PARCIAL OU TOTAL

O Protocolo de Adaptación á Situación Covid 19 establece no seu artigo 29 o ensino virtual como recurso en caso de corentena ou confinamento total.

Concretamente o artigo 29.2 establece que *“As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo”*

En base a isto, e tendo en conta o establecido no Plan de Ensino Virtual publicado pola Consellería de Cultura Educación e Universidade, e no Plan de Continxencia do noso centro, díctanse as seguintes instrucións:

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario, que tamén realizará o seguimento do alumnado, impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O alumnado correspondente á etapa de **Educación Infantil** empregará a aula virtual do centro, onde o profesorado colgará diferente material didáctico, e terá un correo electrónico de referencia para o envío de arquivos por parte das familias ás titoras: infantilcorpinho@gmail.com



- Todo o alumnado correspondente á etapa de **Educación Primaria** empregará asimismo a aula virtual do centro, onde o profesorado colgará diferente material didáctico, e traballará seguindo o horario espello establecido polo equipo docente para os supostos de confinamento e publicado na páxina web do centro no apartado **“COVID 19 > Documentos de centro”**.
- Para realizar videoconferencias entre o alumnado e o profesorado empregaranse as plataformas “Cisco Webex” ou <https://falemos.edu.xunta.gal/>.
- Para a conexión por videochamada serán os diferentes mestres/as os que comunicarán ás familias as datas, horarios de celebración e enlaces de acceso de ditas videochamadas a través da aplicación **“Abalar Móbil”**.

O EQUIPO COVID